

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN COLOMBOFILA GALEGA CELEBRADA O DIA 01 DE OCTUBRE DE 2016.

En Santiago de Compostela, sendo as dez horas e quince minutos do día 1 de Outubro de 2016, baixo a presidencia de D. Eliseo Castro López, Presidente desta Federación Colombófila Galega, actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis e asistindo os membros da mesma que a continuación se relacionan, iniciase a reunión da Xunta Directiva desta Federación.

Asistentes:

Presidente D. Eliseo Castro López
Secretario: D. Manuel Rey San Luis
Tesoureiro: D. Benigno Conde Lago
Vicepresidente 1º: D. Manuel Adolfo Fernández Mallo
Vicepresidente 2º: D. Enrique Freire Sobral
Vocal: D. Jaime Manuel López Rodríguez
Vocal: D. Pedro Becerra González
Vocal: D. Lois Seijo Castro

Excusan su asistencia:

Vocal: Alberto Pita Pérez
Vocal: Camilo Pereiro Francés

Antes de comezar esta reunión toma a palabra o Sr. Presidente para solicitar a asistencia á mesma de D. José R. Costas Carbajal, sendo aprobado polos membros asistentes.

Reúnese a Xunta Directiva desta Federación co seguinte Orde do día:

- 1º.- Lectura e aprobación se procede da Acta da reunión anterior.**
- 2º.- Coñecemento do balance económico ao 30-09-2016; Pegatinas cestas e subvención voos 2016.**
- 3º.- Avance orzamento económico 2017. (Mantemento Programa Coloms)**
- 4º.- Visto e prace ás clasificacións 2016. (Incidencias nacionais...)**
- 5º.- (Eleccións R.F.C.E. 2016) – Posición final FCG. na Asemblea Xeral e Comisión Delegada, informe da primeira reunión do 3-9-2016**
- 6º.- Criterios para designación/organización da “L” exposición F.C.G.**
- 7º.- Posible proposta calendario deportivo 2017, Regulamentos etc.**
- 8º.- Vacinacións próxima campaña: (Incidencias sanitarias 2016)**
- 9º.- Valorar propoñer na nosa próxima Asemblea Xeral o pago de entre 0,20 - 0,30 ctmos/km, no sucesivo, aos clubs que teñan que acercar as pombas pola súa conta ao punto de encontro co camiión.**

10º.- Propoñer data de celebración da próxima Asemblea Xeral F.C.G.

11º.- Rogos e preguntas.

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario á Acta da sesión anterior sendo aprobada por unanimidade.

2.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 30-09-16; PEGATINAS PARA AS CESTAS E SUBVENCIÓN VOOS 2016.

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 30 de Setembro sendo aprobado por unanimidade.

O Sr. Presidente pon en coñecemento dos membros asistentes que sería prudente poder manter o nivel económico levado ata o de agora para poder facer fronte a calquera imprevisto que se poida producir.

O Sr. Oscar Martínez comenta a posibilidade de poder incrementar o importe da inversión destinada a trofeos.

Queda aprobado nesta reunión subvencionar aos clubs para os voos de este ano o 45% da conta de resultados.

Queda aprobado nesta reunión cobrarlle aos clubs as pegatinas para as cestas a razón de 0,50.- €/ud.

3.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2017 E MANTEMENTO PROGRAMA COLOMS.

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao presuposto económico para o ano 2017, sendo aprobado por unanimidade.

En canto o mantemento do programa Coloms dos clubs acordase falar co Sr. Vicente Prats para chegar ao prezo de 50.- € por club e o de 50.-€ para o mantemento do programa federativo.

FEDERACION COLOMBOFILA GALLEGA

PRESUPUESTO ECONOMICO AÑO 2017

INGRESOS		
VENTAS MATERIAL DEPORTIVO		13875,00
Anillas Nido (18500)	13875,00	
LICENCIAS FEDERATIVAS		4833,64
Licencias emitidas por FCG	4833,64	
SUBVENCIONES		5517,00
Xunta de Galicia	5517,00	
OTROS INGRESOS DE GESTION		26000,00
Aportaciones Clubs gasto transporte palomas	26000,00	
Anillas nido otras federaciones	0,00	
INGRESOS		50225,64

A DEDUCIR		
COMPRAS MATERIAL DEPORTIVO		3663,00
Anillas Nido (18500)	3663,00	
GASTOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS		39652,00
Trofeos	952,00	
Transporte Palomas	26000,00	
Exposicion Regional	1900,00	
Exposicion Nacional	100,00	
Pienso para Sueltas	150,00	
Servicios veterinarios		
Subvenciones Concursos Regionales	10550,00	
GASTOS REPRESENTACION		4450,00
Juntas Directivas	550,00	
Asambleas	300,00	
Comisión Deportiva		
Desplazamientos Secretario	3600,00	
SERVICIOS VARIOS		1917,14
Comunicaciones	100,00	
Material Oficina	500,00	
Portes Varios	90,00	
Gastos Varios	571,14	
Mantenimiento Progamas	0,00	
Alquileres	480,00	
Conservación inmovilizado	150,00	
Dominio Pagina Web	26,00	
SERVICIOS PROFESIONALES INDEPENDIENTES		423,50
Asesores externos.	423,50	
GASTOS FINANCIEROS		120,00
Comisiones Bancarias.	120,00	
TOTAL GASTOS / AMORTIZACIONES		50225,64

4.- VISTO E PRACE ÁS CLASIFICACIÓNS 2016 E INCIDENCIAS XURDIDAS A NIVEL NACIONAL.

Quedan aprobadas por parte da Xunta Directiva as clasificacións 2016.

Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes as impugnacións ás clasificacións da RFCE por parte da Federación Catalana, tendo que ser revisadas e modificadas posteriormente.

5.- ELECCIÓN R.F.C.E. 2016; MEMBROS DA F.C.G. NA ASEMBLEA XERAL DA R.F.C.E. E INFORME DA PRIMEIRA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA R.F.C.E.

Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes que o novo presidente da R.F.C.E. elixido nas pasadas eleccións foi D. Tomás Montiel Luis, asemade pasa a nomear os membros desta federación que formaran parte da asemblea xeral da R.F.C.E. quedando da seguinte maneira:

D. Eliseo Castro López (como membro polo estamento de presidentes de Federacións e membro da Comisión Delegada).

Circulo Colombófilo Herculino e Ria de Pontevedra (como membros polo estamento de Clubs)

D. Rogelio Nogueira Portas (como membro polo estamento de deportistas).

En canto á primeira reunión da Comisión Delegada da RFCE apuntou o seguinte:

- Que a celebración da próxima exposición nacional farase posiblemente en Sevilla
- Nomeouse ao Sr. Adriano Caadreacha como auditor nacional.
- Haberá un sistema de control antidoping por parte da Federación Internacional.

6.- CRITERIOS PARA A DESIGNACIÓN/ORGANIZACIÓN DA “L” EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA

Acórdase neste punto enviar a todos os clubs un correo electrónico por si hai algún que estea interesado en organizar á Exposición este ano (debendo notificalo por correo electrónico antes do día 20 deste mes). No suposto de que non haxa ningún club que voluntariamente no na queira organizar, sacárase unha relación de todos os clubs que non organizaran ningunha exposición e por antigüidade sairá o club organizador.

Acórdase tamén nesta reunión pagar a cea dos xuíces e colaboradores da Exposición o día do enxuizamento das pombas, debendo poñer no cartel de actividades dita invitación e o horario da cea.

7.- POSIBLE PROPOSTA DE CALENDARIO DEPORTIVO 2017, REGLAMENTOS, ETC.

Faise unha rolda de opinións por parte de todos os membros acerca do posible calendario para a vindeira tempada 2017 a presentar por esta Federación, chegando á conclusión de que sería conveniente manter o mesmo plan de voos “troncal” de fai dous anos

O Sr. Rogelio Nogueira propón manter o mesmo calendario que este ano pero cas seguintes modificacións:

Medio Fondo: Benavente, Tordesillas e Aranda de Duero.

Fondo: Almazán, Calatayud e Zaragoza.

Tamén comenta que sería bo subvencionar de algunha maneira ás pombas dos clubs de Fondo e Gran Fondo.

Proponse neste punto poder designar un convoyer que vaia no camiión nas soltas de Gran Fondo ou se non un sistema dixital de control de temperatura.

8.- VACINACIÓNS PRÓXIMA CAMPAÑA (INCIDENCIAS SANITARIAS 2016)

Acórdase continuar co mesmo sistema de vacinacións que ata o de agora, utilizándose as mesmas vacinas que na campaña anterior.

Comenta o Sr. Presidente que hai que ser cautos e prudentes á hora de notificar algún tipo de enfermidade, debendo facelo a través dos canais federativos.

9.- VALORAR PROPOÑER NA VINDEIRA ASEMBLEA XERAL ESTABLECER O PAGO DE ENTRE 0,20 – 0,30.- € / KM. OS PORTES DE POMBAS AO PUNTO DE ENCONTRO CO CAMIIÓN.

Despois de un longo debate sobre o prezo que se debería pagar por Km. Percorrido polos clubs afectados por esta problemática, acordouse propoñer o prezo de 0,50.- €/km, debendo ser aprobado pola Asemblea Xeral desta Federación.

10.- DATA PARA A CELEBRACIÓN DA PROXIMA ASEMBLEA XERAL.

Acordouse como data para a celebración da próxima Asemblea Xeral desta Federación o vindeiro día 26 de Novembro.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

- Sr. Presidente:
Propón que o custo da fase de Medio Fondo se pase polo gasto real da fase e que os gastos das fases de Fondo e Gran Fondo se faga polo cómputo xeral das dúas fases.
Designar a comisión de Disciplina deportiva e comisión Xurídica.
- Manuel Mallo: solicita o poder enviar a todos os clubs a copia da póliza do seguro deportivo da R.F.C.E.
- Lois Seijo: Posibilidade de que os clubs “emblemáticos” con carencias de números de socios, poidan facer os encestes naquelas soltas que non cheguen ós mínimos necesarios establecidos regulamentariamente.

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión sendo as Catorce horas e cincuenta minutos do día da data.

Fdo. Eliseo Castro López
- Presidente -

Fdo.: Manuel Rey San Luis
- Secretario -